

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A SOCIEDAD ESPAÑOLA DE LA CAMELIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E INFORMACIÓN DA RUTA DA CAMELIA.**

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D<sup>a</sup> María Nava Castro Domínguez, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.


Pola outra, M<sup>a</sup> del Carmen Salinero Corral, presidenta da **Sociedad Española de la Camelia**, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto lle confiren os seus Estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas



### **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que a Sociedad Española de la Camelia foi constituída o 9 de marzo de 2001 como asociación de ámbito nacional e internacional. Os seus fins son os de divulgar e promover a flor e a árbore da camelia a través de calquera medio de difusión ou acto de calquera tipo, así como a realización de actividades de investigación para a mellora tecnolóxica do cultivo.



Así mesmo, a Sociedad Española de la Camelia, é o principal ente colaborador de Turismo de Galicia no que a promoción da Ruta da Camelia se refire, xa que, ademais de coordinar y participar na organización de todos os actos promocionais que Turismo de Galicia leva a cabo para difundir o devandito produto turístico, ocúpase de realizar todos os traballos destinados a mellorar a calidade dos servizos turísticos e instalacións ligados a cada un dos xardíns integrantes da Ruta da Camelia, entre os que cabe destacar aqueles destinados ao coidado e ordenación dos recursos botánicos integrantes dos doce xardíns e os dedicados a facilitar a información turística ao visitante. Así mesmo, a Sociedad Española de la Camelia, organiza anualmente conferencias, cursos de formación e exposicións destinadas a dar a coñecer a Ruta da Camelia e a concienciar ao poboación local e ao visitante sobre a importancia deste produto turístico para Galicia. Tamén publica con carácter semestral unha revista de divulgación sobre o mundo da camelia, nas que informa, en todas as súas edicións, sobre Galicia e a Ruta da Camelia.

**Segundo.-** Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

**Terceiro.-** Que ambas entidades consideran de interese a colaboración nas actuacións obxecto deste convenio xa que contribúen de forma clara a promoción da Ruta da Camelia e a súa mellora como produto turístico. Neste sentido, e tendo en conta a importancia da calidade da información turística para o visitante, considérase necesario levar a cabo a reedición dos folletos informativos de cada un dos xardíns privados, introducindo as actualizacións en patrimonio botánico e os cambios no percorrido do xardín. Faise tamén necesario a adquisición dun sistema de fala/escoita (radioguía inalámbrico) que facilite a realización da visita dos grupos guiados que se achegan aos xardíns. Paralelamente, como apoio os soportes

de información antes descritos, faise indispensable comezar cas tarefas de sinalización das especies máis salientables de cada xardín.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración técnica e económica entre Axencia Turismo de Galicia e a Sociedad Española de la Camelia para a realización das seguintes actuacións:

1. Reedición de folletos de xardíns da Ruta da Camelia
2. Servizo de tradución común para servizo dos xardíns da Ruta da Camelia.
3. Adquisición dun sistema de fala/escoita para guía e os visitantes que accedan a cada xardín. Será un emisor e 30 receptores por cada xardín.
4. Colocación da primeira fase de sinalización de especies arbóreas e áreas do xardín con carteis identificativos.

### Segunda.- Financiamento

O orzamento das actuacións descritas na cláusula primeira é de **30.370€ (IVE incluído)** nos seguintes conceptos:

| CONCEPTO                                                                        | IMPORTE        |
|---------------------------------------------------------------------------------|----------------|
| Maquetación e edición folletos turísticos                                       | 9.800€         |
| Radioguías inalámbricos (5 transmisores e 150 receptores (incluído cargadores)) | 13.310€        |
| Sinalización no interior de cada xardín                                         | 7.260€         |
| <b>TOTAL (IVE incluído)</b>                                                     | <b>30.370€</b> |



Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades que se relacionan con cargo a aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0 cunha achega de 30.370€, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos das mesmas, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a Sociedad Española de la Camelia obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor da Sociedad unha vez que esta entidade achegue as correspondentes facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pago así como unha memoria explicativa da actividade realizada que acredite o cumprimento do obxecto do convenio e as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado nesta cláusula, cando obedezan a razóns xustificadas.

### **Terceira.- Compromiso das partes**



I. A Sociedad Española de la Camelia comprométese a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Incluir en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino do investimento.
- Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

II. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través de realización dun investimento polo importe establecido na cláusula segunda, así como colaborará tecnicamente no seu desenvolvemento.

#### **Cuarta.- Resultados conxuntos**

O diverso material promocional elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.



Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

#### **Quinta.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.



### **Sexta.- Xustificación dos fondos e pagamento**

I.- A achega da Axencia Turismo de Galicia será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que se deberá presentar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pagamento.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o **15 de decembro de 2017**.


A contribución da Axencia Turismo de Galicia minorarase proporcionalmente no caso de que non se xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre e cando se acade o obxecto deste convenio de colaboración.



Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

### **Sétima .- Pagamentos anticipados e a conta**

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2017, os pagamentos anticipados serán de ata o 50% da subvención concedida.



Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, a sociedade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe correspondente aos pagamentos xustificados.

Para proceder ao pagamento anticipado e a conta deberá constituírse unha garantía do 110% do importe pagado como anticipo ou a conta.

#### **Oitava.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por dous representantes designados por cada unha das partes asinantes . As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Novena.- Modificación do convenio**

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

#### **Décima.- Causas de resolución**

Serán causas de resolución deste convenio:



- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.

#### **Undécima.- Natureza xurídica e xurisdición competente**

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.


Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado d) do parágrafo primeiro do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado, así mesmo resultará aplicable supletoriamente a Lei de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto na súa disposición adicional cuarta.



As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

#### **Décimo segunda.- Publicidade e rexistro do convenio**



O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.



Asemade procederáse a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

**Décimo terceira.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio**

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.


Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

**Décimo cuarta.- Vixencia**

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Xunta de Galicia  
A directora de Turismo de Galicia



María Nava Castro Domínguez

Pola Sociedad Española de la Camelia  
A presidenta



Mª del Carmen Salinero Corral